

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
27 OUTUBRO 2019**

O Deus que descende e se fai pequeno só é atopado polos humildes.

1. VER: Espelliño lindo

-Todos coñecemos o conto de Brancaneves e a pregunta da Bruxa ao espello: “espelliño, espelliño lindo, quen é a máis bela do mundo?”.

-Son moitos os que ao mirarse ao espello se ven máis guapos, mellores que os demais, superiores... e parécelle que os outros todo o fan mal...

***-Coñeces persoas que o sexan así? Como ven os
demais? Son obxectivos? Por que?***

2. XULGAR: Deus só é atopado polos humildes.

- No evanxeo deste domingo, Xesús fálanos de que un fariseo e un publicano foron ao templo a orar e que un pasou o tempo contándolle a Deus o bo que era e o outro, avergoñado de si mesmo, só dicía: ***“Oh Deus, ten compaixón deste pobre pecador!”***. Só este foi escoitado e cambiou o seu corazón.

QUE NOS QUERE DICIR JESUS?

-QUE NON SEXAMOS ORGULLOSOS E SOBERBIOS.

***O orgulloso:** É fachendoso, crese superior aos demais, pensa que só el fai ben as cousas. Ao contar algo emprega moito o “eu” teño, “eu” fago, “eu” podo...” E por crese mellor despreza os demais mirándoos por encima do ombreiro.

O humilde** ve os propios defectos e recoñéceos, necesita dos demais e tamén de Deus. O humildeponse a ras de terra, á altura dos demais (non se sobe ao pedestal de superior), faise menos e Deus faino máis. Por iso só o humilde é grande. ***Es orgulloso ou humilde?

-QUE DEBEMOS ORAR COA HUMIDADE DO PUBLICANO:

***O fariseo reza de pé,** con fachenda, séntese orgulloso do que é, non pide nada a Deus porque non o necesita, arránxase el soíño, cóntalle os defectos alleos para resaltar os méritos propios. Fáltalle relación con Deus. Non cambiará nunca porque xa é perfecto.

***O publicano reza axeonllado,** sen atreverse a achegarse nin a levantar os ollos, ora desde as súas miserias, arrependido, golpeándose o peito e pedindo perdón. É consciente dos seus fallos, quere cambiar e necesita de Deus para ser mellor persoa.

A cal dos dous se parece a túa oración?

3. ACTUAR: Sé grande facéndote humilde.

-Explicade o debuxo de Fano da beira. Representemos o evanxeo de hoxe.

-Agradece a Xesús o seu exemplo: “sendo rico fíxose pobre”.

-Lembrar que necesitas aos teus pais, avós, profesores, catequistas, sacerdotes, compañeiros de xogo... Acolle ao que che pregunte “podo xogar”?

En que poderías mellorar? Que imos facer

A PALABRA

ECLESIAÍSTICO 35, 12-14. 16-18: A oración do humilde atravesas as nubes.

O Señor é xuíz, e para el non conta o prestixio das persoas. Para el non hai acepción de persoas en prexuízo do pobre, senón que escoita a oración do oprimido. Non desdeña a súplica do orfo, nin a viúva cando se desafoga no seu queixume. Quen serve de boa gana, é ben aceptado, e a súa pregaría sobe ata as nubes. A oración do humilde atravesas as nubes, e non se detén ata que alcanza o seu destino. Non desiste ata que o Altísimo o atende, xulga os xustos e failles xustiza. O Señor non tardará.

Palabra do Señor.

Sal 33: El aflixido invocou o Señor, e el escoitouno.

2º TIMOTEO 4, 6-8. 16-18: Estame reservada a coroa da xustiza.

Querido irmán: Eu estou a piques de ser derramado en libación e o momento da miña partida é inminente. Combatín o nobre combate, acabei a carreira, conservei a fe. Polo demais, estame reservada a coroa da xustiza, que o Señor, xuíz xusto, darame naquel día; e non só a min, senón tamén a todos os que agarden con amor a súa manifestación.

Na miña primeira defensa, ninguén estivo ao meu lado, senón que todos me abandonaron. Non lles sexa tido en conta! Mais o Señor estivo ao meu lado e deume forzas para que, a través de min, se proclamase plenamente a mensaxe e oíseno todas as nacións.

E fun librado da boca do león. O Señor librame de toda obra mala e salvame levándome ao seu reino celestial. A el a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

Palabra do Señor.

LUCAS 18, 9-14: O publicano baixou á súa casa xustificado, e o fariseo, non.

Narrador: Naquel tempo, Xesús díxolles esta parábola a algúns que se confiaban en si mesmos **por considerarse xustos e desprezaban os demais:**

Xesús: -«*Dous homes subiron ao templo a orar. Un era fariseo; o outro, publicano. O fariseo, ergueito, oraba así no seu interior:*

Fariseo: -“*Oh Deus! Douche grazas porque **non son como os demais homes: ladróns, inxustos, adúlteros; nin tampouco como ese publicano. Xaxúo dúas veces por semana e pago o décimo de todo o que teño**”.*

Xesús: O publicano, en cambio, manténdose á distancia, non se atrevía nin a levantar os ollos ao ceo, senón que se golpeaba o peito dicindo:

Publicano: -“**Oh Deus! Ten compaixón deste pecador**”.

Xesús: Dígovos que este baixou á súa casa xustificado, e aquel non. Porque todo o que se enaltece será humillado, **e o que se humilla será enaltecido**».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús-Fariseo-Publicano).